

**ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE, COMO
REFORZO DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES.**

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

<u>ÁREA I. COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL</u>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Nomear e recoñecer distintas partes do corpo e situalas no esquema corporal	1- Completa a figura humana. 2- Recoñece que hai un lado esquerdo e dereito. 3- Recoñece a imaxe dunha persoa
Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades e preferencias	4- Expresa gustos e preferencias verbal e corporalmente. 5- Relaciona estados emocionais coas situacións que os producen.
Adquirir hábitos relacionados coa hixiene e a saúde.	6- Recoñece alimentos saudables 7- Practica hábitos adecuados para previr accidentes.
Realizar autónomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas relativas a hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.	8- Colabora na realización de traballos colectivos. 9- Recolle os materiais logo de realizar os seus traballos. 10- Realiza accións adecuadas á súa idade que favorecen o coidado do contorno.

ÁREA II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Identificar cambios naturais que afectan á vida das persoas: cambios de estacións, temperatura...	1-Selecciona a roupa adecuada que ten que levar segundo o tempo que vai ou a actividade que realiza. 2- Identifica os principais fenómenos atmosféricos e as súas características.
Identificar os seres vivos e valorar a súa importancia para a vida.	3- Coñece algúns animais e as súas características. 4- Identifica algunhas plantas e as súas características.
Recoñecer algúns acenos de identidade cultural do contorno.	5- Recoñece as actividades de lecer e tempo libre que ofrece o contorno.
Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamentos, orde e clasificación.	6- Continúa unha serie lóxica establecendo cal é o seu criterio. 7- Utiliza adecuadamente os ordinais do 1º ao 6º
Utilizar o reconto como estratexia de estimación.	8- Asocia os números do 1 ao 10 á cantidade de elementos correspondentes. 9- Escribe os números do 1 ao 10. 10- Resolve problemas sinxelos de sumas. 11- Resolve restas con apoio gráfico.
Situars obxectos no espazo.	12- Coloca de forma adecuada as pezas dun quebracabezas para recompór unha escena.

Manexar noións básicas temporais.	13-Ordena unha secuencia de seis escenas.
-----------------------------------	---

<u>ÁREA III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</u>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Utilizar de forma progresiva un léxico variado con boa pronuncia e con crecente precisión en oracións.	<p>1- Emprega o novo vocabulario en situacións de comunicación.</p> <p>2- Mostra interese por coñecer novas palabras e empregalas na súa expresión oral.</p> <p>3- Pronuncia palabras que teñen dificultade cunha correcta articulación.</p> <p>4- Exprésase con oracións que teñen unha estruturación e entoación adecuadas.</p>
Empregar as normas que rexen o intercambio lingüístico.	5- Respecta a quenda de palabra nas conversacións colectivas.
Mostrar interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	<p>6- Comprende mensaxes e expresións significativas en inglés.</p> <p>7- Ten unha actitude positiva para aprender inglés.</p>
Utilizar a linguaxe escrita cunha finalidade real, tendo en conta as convencións do sistema da lingua escrita.	8- Realiza os trazos propostos de forma correcta.
Escoitar e comprender distintos xéneros textuais tanto tradicionais como	9- Conta coas súas palabras historias tendo en conta a sucesión dos feitos.

contemporáneos..	10- Memoriza pequenos poemas, refráns e adiviñas. 11- Relaciona palabras que riman.
Iniciarse no manexo das TICs	12- Entende as instrucións para a resolución de actividades integradas nas TICs
Interpretar e valorar obras de arte do contorno.	13- Describe unha obra de arte. 14- Realiza traballos plásticos persoais a partir da observación dunha obra de arte.
Realizar obras plásticas persoais empregando distintos materiais e técnicas.	15- Aplica diferentes técnicas plásticas a composicións persoais.
Gozar das audicións musicais.	16- Expresa a través do seu corpo e de traballos artísticos o sentimento que lle produce unha audición musical. 17- escoita con atención audicións musicais.
Explorar as posibilidades expresivas do corpo.	18- Participa con gusto en actividades de dramatización e xogos en grupo. 19- Goza nos xogos de expresión corporal.

Esta adaptación da avaliación de infantil está feita en consenso con tódolos membros do equipo

(
t
i
t
o
r
a
s

e
s
p